

Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax: 981 844 008


N.º R.E.L. 01150119



CONCELLO DE BOIRO

Praza de Galicia s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo e: correo@boiro.org  
página web: www.boiro.org

Secretaria 1/4



CORPORACIÓN MUNICIPAL 2015/2019  
Casa do Concello

## NOTIFICACIÓN

Asunto: convocatoria á sesión ordinaria do PLENO DO CONCELLO

Notificaselle a Resolución da Alcaldía do 07/11/2016 que di:

### "RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos conclusos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 2 a) do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional), do 03/11/2016.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data RESOLVO:

**PRIMEIRO. CONVOCAR** unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o

Día: 10/11/2016  
Hora: 20:00 h. a 1.ª convocatoria ; ás 20:00 h. a 2.ª, dous días despois  
Lugar: salón de plenos da Casa do Concello.  
Orde do día:

### I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

- 1 Aprobación da acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 28/07/2016,  
Acta 2016/05
- 2 Aprobación da acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 29/08/2016,  
Acta 2016/06
- 3 Aprobación da acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 29/09/2016,  
Acta 2016/07
- 4 Aprobación definitiva do expediente da modificación puntual núm. 2 da normativa do plan parcial dos solos urbanizables públicos programados B-1 e B-2 de Barraña
- 5 Aprobación inicial da modificación de crédito 10/2016 (crédito extraordinario suplemento de crédito 1/2016)




- 6 Moción do grupo municipal de ICBoiro (registro de entrada núm. 10.865 do 24/09/2016) relativa á compra dunha colección do institucionalismo español para todos os membros da corporación
- 7 Moción do grupo municipal do BNG (registro de entrada núm. 11.615 do 14/10/2016) de oposición á autorización da instalación dun centro de xestión ambiental nas inmediacións do monte Culou no Concello de Lousame
- 8 Moción do grupo municipal do BNG (registro de entrada núm. 11.702 do 18/10/2016) de apoio a diversas reclamacións dos traballadores do mar.
- 9 Moción do grupo municipal do BNG (registro de entrada núm. 11.862 do 21/10/2016) relativa á solicitude de transferencia a favor da Xunta de Galicia da titularidade e das competencias relativas á AP-9.
- 10 Moción do grupo municipal do BNG (registro de entrada núm. 11.897 do 24/10/2016) relativa á oposición á LOMCE e á súas reválidas
- 11 Moción do grupo municipal de ICBoiro (registro de entrada núm. 12.161 do 31/10/2016) relativa á recuperación da Casa do Mar de Cabo de Cruz.

## II PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

- 12 Toma de coñecemento das Resolucións da Alcaldía
- 13 Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal así como das principais anomalías en materia de Ingresos ao 3º trimestre do 2016
- 14 Toma de coñecemento do informe da Intervención Municipal sobre o cumprimento da obriga de información trimestral sobre o cumprimento dos prazos de pago establecidos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, referido ao 3º trimestre do 2016
- 15 Toma de coñecemento do informe da Intervención Municipal sobre o cumprimento da obriga de remisión da información trimestral sobre o período medio de pago a provedores establecido na Lei de estabilidade presupuestaria e sustentabilidade financeira, referido ao 3º trimestre do 2016
- 16 Mocións de urgencia
- 17 Rogos e preguntas

**SEGUNDO.** NOTIFICARLLAS esta resolución aos membros da Corporación, poñendo a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

**TERCEIRO.** PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.



**CUARTO.** DARLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

Boiro, 7 de novembro de 2016.

Alcalde,

Juan José Dieste Ortigueira

o secretario,

Dalmiro Núñez Méndez".